

Dona Carmen del Río Rodríguez, Secretaria Accidental do Concello de Carballo – A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 25 de marzo de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“6.- PROXECTO DE EXPROPIACION POLO PROCEDEMENTO DE TAXACION CONXUNTA PARA A EXECUCION DE PLANEAMENTO SISTEMA XERAL VIARIO SX-VI/AU02 E TERREOS FORA DE ALIÑACIONS RUA CASTRO CHANE

ASUNTO: Proxecto de expropiación para a execución de planeamento do sistema xeral viario SX-VI/AU02 e terreos fóra das aliñacións na rúa Castro Chané. Aprobación definitiva.

EXPTE. 2022/U040/000002

PROMOTOR: Concello de Carballo

REX. ENTRADA: 202399900005931 de data 30/11/2023

REDACTOR: Isidro López Yáñez (arquitecto Colexiado nº 2261 COAG) como integrante da entidade ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/06/2023 aprobouse inicialmente o proxecto de expropiación forzosa para a obtención dos terreos do sistema xeral SX-VI/AU02 e os terreos necesarios para completar a vía situados fóra das aliñacións dispostas no PXOM, polo procedemento de taxación conxunta, segundo o documento presentado pola entidade Estudio Técnico Gallego, S.A. en data 16/05/2023, núm. de rexistro de entrada 202399900002315.

Someteuse o expediente ao trámite de información pública e notificáronse individualmente os titulares dos bens ou dereitos no mesmo, co traslado da folla de aprecio e a proposta de fixación dos criterios de valoración, segundo o establecido no artigo 118.3 e 118.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 293 do regulamento que desenvolve esta lei (Decreto 143/2016, do 22 de setembro).

Emitíuse o 05/09/2023 por parte da Secretaría Xeral do Concello, certificación de exposición ao público co resultado de terse presentada unha alegación en data 01/08/2023, núm. de rexistro de entrada 202300000004662, da que se lle dou traslado ao equipo redactor para a súa valoración.

Con data 30/11/2023, núm. rexistro de entrada 202399900005931, o equipo redactor presenta o documento de aprobación definitiva, no que como resultado da alegación presentada polos propietarios da finca nº 2 modificouse a valoración total do expediente de expropiación debido á consideración dunha indemnización por demérito ocasionado ao conxunto edificatorio respecto desta finca.

Como consecuencia desta modificación, do incremento do valor total do proxecto de expropiación, os servizos económicos de intervención emitiron un novo RC en data 01/03/2024 coa nova valoración, xunto cun informe ao respecto en data 05/03/2024.

Os servizos técnicos e xurídicos, despois de analizar o documento, emitiron o seu informe en data 21/03/2024.

A aprobación e tramitación desta expropiación urbanística está regulada nos artigos 118 da LSG e 293 do RLSC en relación co disposto na Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954 e o seu regulamento.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, establece no artigo 21.1.j), como atribución do alcalde, as aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

En virtude da resolución da Alcaldía de data 22/06/2013, número 1646 de 2023, sobre delegación de competencias, corresponde á Xunta de Goberno Local, por ter delegadas, entre outras, as atribucións referidas ás «aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización, todo elo nos termos previstos na normativa de urbanismo e ordenación do territorio de Galicia».

Visto o anteriormente exposto e vistos os informes ao respecto dos servizos municipais de intervención e técnico - xurídico de datas do 05/03/2024 e 21/03/2024, e vista a proposta do Concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de 21/03/2024, no expte. 2022/U040/000002, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1588/2023 do 20 de xuño (BOP nº 123 de 29/06/2023), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (6), acorda:

Primeiro.- Estimar parcialmente as alegacións formuladas polo titular da finca nº 2 mediante escrito presentado o 01/08/2023, núm. de rexistro de entrada 202300000004662, relativas á indemnización por demérito do conxunto edificatorio que se valora no 10% do valor catastral do inmovible, e dicir, na cantidade de 6.824,25 €.

Segundo.- Desestimar as restantes alegacións formuladas polo titular da finca nº 2 mediante escrito presentado o 01/08/2023 núm. de rexistro de entrada 202300000004662 en base aos argumentos contidos no informe de alegacións do anexo do proxecto de expropiación para aprobación definitiva presentado o 30/11/2023 e no informe dos técnicos municipais.

Terceiro.- Aprobar definitivamente o proxecto de expropiación forzosa polo procedemento de taxación conxunta para a execución do planeamento (SX-VI/AU2) e terreos fóra das aliñacións, segundo o documento redactado pola entidade Estudio Técnico Gallego S.A. e asinado polo arquitecto Isidro López Yañez (colexiado nº 2261 COAG), e ter por declarada e utilidade pública e a necesidade de ocupación, conforme ao establecido no PXOM aos da fins de expropiación (art. 85.1 da LSG), dos bens e dereitos afectados que se indican na seguinte relación:

FINCA	REF. CATASTRAL	TITULAR	D.N.I.	SUPERFICIE TOTAL (m2)	SUPERFICIE AFECTADA (m2)	CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA	SITUACIÓN BÁSICA DO SOLO	OUTROS BENS AFECTADOS
1	5859928NH2855N0001LM	MANUEL OUTEIRO BARREIRO	7635****	489	203	SOLO URBANO CONSOLIDADO - RESIDENCIAL EXTENSIVA VIVIENDA FAMILIAR EN CARBALLO.ACAROADA-SISTEMA VIARIO	URBANIZADO	
2	5859929NH2855N0001TM	JOSE ANTONIO SUAREZ ACEBEY ELISA GARCIA VILAS	**32**98 *6341***	384	203	SOLO URBANO CONSOLIDADO - RESIDENCIAL EXTENSIVA VIVIENDA FAMILIAR EN CARBALLO.ACAROADA-SISTEMA VIARIO	URBANIZADO	1 UD TRASLADO PORTAL FERRO GALVANIZADO (3*1,5 m)
								36 m2 MURO BLOQUE
								1 UD. TRASLADO CANCELILLA FERRO GALVANIZADO (1,20 * 1.6 m)
								3 m3 MURO FORMIGÓN
3	5859946NH2855N0001SM	MARIA PATRICIA FACAL RECAREY MANUEL TRIGO TRIGO	****4003 46*19**	522	89	SOLO URBANO CONSOLIDADO - RESIDENCIAL EXTENSIVA VIVIENDA FAMILIAR EN CARBALLO.ACAROADA-SISTEMA VIARIO	URBANIZADO	1 UD. TRASLADO CONTADOR AUGA

Cuarto.- Notificar o presente acordo de aprobación definitiva do proxecto de expropiación por taxación conxunta ás persoas interesadas titulares de bens dereitos que figuran no mesmo, conferíndolles un prazo de 20 días durante o que poden manifestar por escrito diante do órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado.

En tal caso darase traslado do expediente e da folla de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia, ao efectos de fixar o xusto prezo que, en todo caso, farase conforme aos criterios de valoración establecidos na lexislación vixente. Se non hai oposición no prazo sinalado, á valoración entenderase aceptada e determinado o xustiprezo definitivamente é de conformidade.

Quinto.- *No caso de que non se formule oposición á valoración no citado prazo de 20 días, entenderase aceptada a fixada no expediente aprobado, entendéndose determinado o xusto prezo definitivamente e de conformidade (artigo 118.8 da LSG).*

Sexto.- *O acordo de aprobación definitiva do expediente de expropiación por taxación conxunta implica a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados, de conformidade co artigo 118.10 da LSG e a ocupación comportará a necesidade de levantar unha acta nos termos contidos na lexislación estatal (artigo 293.10 do RLSG).*

Sétimo.- *As actuacións do expediente expropiatorio entenderanse en primeiro lugar, cos propietarios do ben ou titular do dereito obxecto da expropiación, polo que se pon de manifesto a conveniencia de presentar certificacións rexistras e demais documentos que acrediten a titularidade dos bens e dereitos afectados, advertindo de que o pago unicamente se realizará a favor dos titulares rexistras do dominio, ou no suposto de fincas que non figuren inscritas, co titular segundo os títulos xustificativos do seu dereito completados con certificacións negativas do Rexistro da Propiedade; no resto dos casos, procederase a consignar na Caixa Xeral de Depósitos o importe dos xustos prezos das fincas. O pago ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 de artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, sen prexuízo de que continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do xusto prezo. Unha vez pagado o xusto prezo ou, no seu defecto, consignado o prezo poderase facer efectiva a ocupación dos terreos.*

Oitavo.- *Convocar os titulares dos bens e dereitos afectados polo procedemento expropiatorio, na Casa Consistorial, Praza do Concello, sen número, o día 25 de abril de 2024 as 11:00 horas co fin de proceder ao pago do importe da valoración establecida da ocupación dos devanditos bens e dereitos afectados. Coincidindo co acto de pagamento, procederáse ao levantamento da acta de ocupación correspondente; o que terá lugar en presenza dun representante da Administración expropiante, e do Sr. Alcalde Presidente do Concello de Carballo ou da persoa en quen delegue.*

Noveno.- *Publicar a convocatoria para o pago do importe da valoración establecida e levantamento da acta de ocupación de conformidade co disposto no artigo 49 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.*

Décimo.- *Dar conta do Presente acordo a Concellería da Área de Obras municipais para o seu coñecemento, toma en consideración e tramitación, no seu caso, do correspondente procedemento de inclusión dos bens e dereitos afectados por este proceso no Inventario de Bens e dereitos do Concello de Carballo, así como as persoas designadas nas liñas anteriores.*

Décimo primeiro.- *Dar conta do presente acordo ao Pleno do Concello para o seu coñecemento e tramitación, no seu caso, da inclusión dos bens e dereitos afectados por este expediente expropiatorio no Inventario Municipal de Bens, e posterior inscrición rexistral dos bens obxecto de expropiación coa correspondente actualización catastral respecto da súa configuración e titularidade.*

Décimo segundo.- *Dar traslado aos departamentos de intervención e tesourería aos efectos pertinentes."*

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Concello de Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2024/G007/000008

V. e Pr.
O alcalde

CVD: J719vzbzCzB6zFPnjMxPq
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.